



## ACTA DO SORTEO PÚBLICO PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO DOS CURSOS CELGA CONVOCADOS POLA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA EN 2024 QUE CONTAN CON MÁIS SOLICITANTES CA PRAZAS DISPOÑIBLES

LUGAR: salón de actos da sede da SXPL (rúa de San Roque 2, Santiago de Compostela)

DATA: 21.03.2024

HORA DE COMEZO: 11.00 h

HORA DE REMATE: 11.20 h

### ASISTENTES

Por parte da Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL):

- María Lourdes Batán Aira (subdirectora xeral de Política Lingüística), presidenta
- Oliva Amorín López (xefa do Servizo de Formación, Asesoramento e Proxección Exterior da Lingua), secretaria
- Manuel Martínez Lado (xefe da Sección I), vogal
- Francisco Guisande Álvarez (xefe de Grupo), vogal

Por parte da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega):

- Jesús Pereiro Mallo (xefe de Sección do Departamento de Medios e Capacitación Dixital), vogal

Como público:

- Un solicitante do curso Celga 4 presencial, de Santiago de Compostela (DNI \*\*\*\*2650\*\*)

### PROCEDEMENTO DO SORTEO

De acordo co punto 4.2 da Resolución do 6 de febreiro de 2024, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anuncia, con carácter voluntario e gratuíto, a convocatoria de cursos de lingua galega preparatorios das probas para obter os certificados de lingua galega Celga 2, Celga 3 e Celga 4 (DOG núm. 34, do 16.02.2024), se un curso ten máis solicitantes ca prazas dispoñibles, a asignación destas farase a través dun sorteo aleatorio puro.

Para levar a cabo o citado sorteo, a Amtega desenvolveu un programa informático que permite a obtención sucesiva de números ao azar coa execución dunha rutina informática aleatoria. Ata o día deste sorteo, a Amtega custodia debidamente o código fonte do dito programa informático.

A partir da relación de persoas que superaron a proba de nivel correspondente ao curso solicitado, obterase a listaxe do alumnado e mais a listaxe de agarda. No caso de que aínda quedasen prazas por cubrir nalgunha destas listaxes, farase outro sorteo entre as que non superasen a proba de nivel.





Compróbase que o número de persoas que superaron a dita proba de nivel en cada curso obxecto do sorteo é suficiente para obter a listaxe do alumnado e mais a de agarda. En consecuencia, non será preciso realizar outro sorteo coa relación de persoas que non superaron a proba de nivel.

Os cursos nos que se rexistraron máis solicitantes ca prazas dispoñibles, así como o número de prazas e de persoas que superaron a proba de nivel correspondente a cada un, son os seguintes:

CURSO	NÚM. DE PRAZAS	NÚM. DE PERSOAS QUE SUPERARON A PROBA DE NIVEL
Celga 2 en liña: 7 edicións	210	482
Celga 3 en liña: 7 edicións	210	370
Celga 4 en liña: 17 edicións	510	725
Celga 4 presencial: A Coruña	30	41

#### REALIZACIÓN DO SORTEO

Este sorteo realízase baixo a coordinación dos responsables da SXPL e a supervisión do técnico especializado da Amtega. Os distintos pasos que se van executando proxéctanse nunha pantalla visible para todos.

Primeiramente, móstranse as listaxes con todas as solicitudes dos cursos arriba relacionados e, a continuación, realízase o sorteo correspondente a cada un.

#### RESULTADOS DO SORTEO

Tras rematar o sorteo de cada un dos cursos, obtéñense as listaxes do alumnado e as listaxes de agarda que acompañan esta acta. Estas listaxes publícanse, de acordo co disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na páxina web da SXPL (<https://www.lingua.gal>) xunto coas listaxes dos restantes cursos cuxo número de solicitantes non foi superior ao de prazas dispoñibles.

Sen máis asuntos que tratar, finaliza o acto público deste sorteo e redáctase esta acta.

A secretaria

Visto e prace

A presidenta

